

CAR CRASH (DA MORTE EN NEGATIVO)

*Á sombra deste horror metalizado
escribirás os diálogos da morte
da cóxega homicida da memoria
no centro xeométrico do choque
deixando a porta aberta a outras escenas
na emulsión dos meus ollos que impresionan
imaxes de accidentes e feridas*

(Poemas 1981/1991)

DEGRADACIÓN

*Unha bola de neve cae a rolos
levando dentro sombra e pesadelos,
dirixida cara ó punto máis baixo da súa inexistencia.
Unha bola de vida co meu nome e o destino marcados,
que se precipita cara o silencio,
trazado xa no camiño desde hai tempo.
Dado por morto por segunda vez,
mesmo o inferno rexeitou admitirme
por non cargar comigo,
denegando a miña solicitude.
Outro fracaso máis que me fai seguir vivo
ata que me corrixa e me libere.*

(Poemas da morte sobrevivida
a forza de paixóns e sabotaxes)

*Racismo, coma sempre; xenofobia, produto do novo
reparto que quere administrar; a outra cuota da fame,
represión e xenocidio que o Sistema se pode agora
permitir vai ser modificado e restrinxido.*

*E a sombra que domina é sempre a do vello Poder
con distintos disfraces e estratexias ideolóxicas,
sociais; cómplices e uniformes diferencian en cada
época o sistema policial do que precisan botar man.*

(Modesta proposición para renunciar a
facer xirar a roda hidráulica dunha
cíclica historia universal da infancia)

A síndrome do aceite tóxico

O coñecido como caso da «síndrome tóxica» foi unha intoxicación masiva que tivo lugar en España na primavera do ano 1981. Foi producida polo desvío de varias partidas de aceite de colza desnaturalizado para o consumo humano. Un aceite que estaba destinado exclusivamente a usos industriais.

Este envelenamento afectou a miles de persoas, sobre todo de Madrid e localidades próximas de Castela-A Mancha e Castela-León.

Houbo un total de 650 falecidos e aproximadamente 20.000 persoas afectadas.

A intoxicación polo consumo de aceite de colza pasa por ser a mayor traxedia sanitaria da España contemporánea.

Co paso do tempo foise descubriendo o fío común de todos os afectados: o consumo de aceite de colza. Retiráronse da circulación máis de catro millóns



de litros de aceite adulterado e os trinta e sete aceiteiros acusados pola introducción no mercado alimentario deste aceite foron condenados, polo Tribunal Supremo, a penas de cadea e ao pago de indemnizacións millonarias ás vítimas e aos seus familiares.

Un 24 de maio de 1996, o mesmo día no que se facía pública a sentenza do «aceite de colza», falecía, no antigo hospital «Juan Canalejo» da Coruña, un dos afectados galegos do envelenamento masivo, o poeta Lois Pereiro.

	XUNTA DE GALICIA	COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE PONTE SAMPAIO
	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN	Rúa A Xunqueira nº 12 - 36690 - PONTE SAMPAIO (PONTEVEDRA)
	E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	E-mail: ceip.ponte.sampaio@edu.xunta.es Web: http://centros.edu.xunta.es/ceippontesampaio
		Teléfono: 986 / 700 159 Fax: 986 / 700 159

17 de MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Lois Pereiro

LOIS PEREIRO

Nº 7 - Ano 2011

O HOMENAXEADO



A imaxe de Lois Pereiro é reflexo da súa actitude fronte a vida: esgazada, crúa e espida coma os seus versos.

Estes elementos determinaron o mito marxinal e cosmopolita que o poeta personifica.

A autodestrución, a desolación, a morte, xunto con un sarcasmo esmagador e corrosivo son os temas e as directrices predominantes na súa poesía.

Da aniquilación á nostalxia foi o camiño literario que andou, deixando unha pegada cada vez máis fonda en lectores cada vez máis novos.

*Cuspídemme enriba cando pasedes
por diante do lugar onde eu repouse
enviándome unha húmida mensaxe
de vida e de furia necesaria.*

EPITAFIO de Lois Pereiro gravado na súa sepultura no cemiterio de Sta. Cristina do Viso, no Incio (Lugo). É o último poema do seu segundo libro de versos: "Poesía última de amor e enfermidade"

CRONOBIOGRAFÍA

- 1958** Nace o 16 de febreiro en Monforte de Lemos, Lugo.
- 1975** Marcha a Madrid para estudar Socioloxía. Volta a finais de ano a Monforte e traballa na cristalería familia, colocando vidros nas obras.
- 1976** Regresa a Madrid a estudar inglés, francés e alemán, na Escola Oficial de Idiomas. Participa na revista galega Loia, editada por estudantes galegos en Madrid.
- 1981** Intoxícase coa inxesta de aceite de colza desnaturalizado.
- 1982** Gaña o premio de Poesía da Agrupación O Facho, da Coruña.
- 1984** Participa no libro *De amor e desamor I*.
- 1985** Participa no libro *De amor e desamor II*. Comeza a súa colaboración en La Naval, coa publicación do texto «O frío edificado».
- 1986** Participa na UIMP, de Santander, no "Desembarco das Forzas Atroces do Noroeste".
- 1987** Aparece a súa poesía na antoloxía "Después de la modernidad". Emítase na TVG, o 25 de xullo, o programa "Que é Galicia?", cun guión da súa autoría.
- 1992** Publica o seu primeiro libro en solitario "Poemas, 1981/1991".
- 1994** Sufre unha forte recaída na súa saúde. Publícase o seu segundo libro "Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995".
- 1996** Dá o seu último recital poético en Xaneiro. Falece, o 24 de maio, na cidade da Coruña.
- 1997** Edítase "Poemas para unha loia", o seu libro póstumo e no que se recollen as súas poesías publicadas na revista Loia.
- 2011** A Real Academia Galega adícalle o Día das Letras.



Somentes
íntentaba conseguir
deixar na terra
algo de min que me sobrevivise

Sabendo que debería ter sabido
ímpedirme a min mesmo
descubrir que só fun un interludio
atroz entre dous muros de silencio

Só puiden evitar vivindo á sombra
ínocularlle para sempre a quen amaba
doses letais do amor que envelenaba
a súa alma cunha dor eterna

Sustituíndo o desexo polo exilio
ínicie a viaxe sen retorno
deixándome levar sen resistencia
ó fondo dunha interna
aniquilación chea de nostalxia.

*O amor que me asaltou sen previo aviso
cando eu xa non quería defenderme.
Perverso, inofensivo e altruísta
foi un placebo inocuo
administrado a un corpo xa vencido.*

Despois de máis dunha década de consumo de heroína, Lois Pereiro soubo, dous anos antes de morrer, que tamén estaba enfermo de SIDA